



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INFORMACIÓN CURSO  
2020-2021



Tel: 886151031

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesnumero1estrada>

## MATRÍCULA 2º ESO CURSO 2020-2021

O PRAZO DE MATRÍCULA SERÁ OS DÍAS 2 E 3 DE XULLO  
DE 9:30 A 13:30H

### INFORMACIÓN XERAL

#### 1.- LIBROS DE TEXTO

- O alumnado que cumpra os requisitos establecidos pola Consellería de Educación poderá acollerse ó **fondo de libros de texto**. Os libros deberán recollerse na conserxería a partir do 16 de setembro. Para que o fondo chegue a maioría do alumnado rogámoslle que comuniquen no centro, antes do día 16, os libros dos que xa dispoñen.

#### 2.- APLICACIÓN ABALARMÓBIL (non se enviarán cartas por correo postal)

- O centro vai proceder á **eliminación de envío de cartas de faltas, etc., por correo postal**. Para iso a Consellería pon á súa disposición unha aplicación para poder consultalas.

- Se vostede ten un móbil "intelixente", e ten comunicado no centro o seu número de teléfono móbil (debe facelo agora poñéndoo na folia de matrícula), pode descargar a aplicación gratuita abalarMóbil, que lle permitirá consultar e **recibir alertas coas faltas de asistencia** do seu fillo/a, **consultar as cualificacións** etc.

**3.- A información académica** sobre a marcha do alumno/a facilitarase desde o centro ao **seu pai ou á súa nai** (ou titor/titora legal acreditado)

### INSTRUCCIÓNS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

(Os impresos descargaranse da páxina web e deben entregarse grampados)

1.- Cubrir o impreso de matrícula. **Necesariamente debe estar asinado polos dous proxenitores ou titores legais.**

Aqueles pais que estean separados ou divorciados teñen que comunicar esta circunstancia á Dirección do Centro, achegando senteza xudicial ou convenio regulador, e informando de calquera cambio que modifique dita situación legal.

2.- Preparar a documentación necesaria (as fotocopias precisas hai que **traelas feitas**; non facemos fotocopias durante o proceso de matrícula. Débese **mostrar** sempre o orixinal para o seu cotexo).

3.- Entregar a documentación na conserxería do instituto.

### DOCUMENTACIÓN NECESARIA

1.- Impreso de matrícula debidamente cuberto
2.- Impresos de autorizacións ( <b>voluntario</b> )
3.- Impreso datos relativos ao acceso ás TIC
A seguinte documentación (4,5,6 e 7) non é necesario traela, agás se hai algún cambio con respecto ao curso pasado.
4.- Senteza xudicial (se é o caso)
5.- Fotocopia do DNI do alumno/a
6.- Fotocopia da tarxeta sanitaria
7.- Formulario de enfermidades e alerxias